

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de setembro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 12011 (10/POC-002136)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as melloras da sinalización do Camiño inglés, así como o acondicionamento dos tramos en mal estado e a construción dos albergues en Sigüeiro e Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017
- 1.2 13169 (10/POC-002297)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis
Sobre o balance pola Xunta de Galicia dos resultados dos plans Renove e das accións destinadas a facilitar a eficiencia enerxética e as enerxías renovables nos fogares galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159, do 07.08.2017
- 1.3 14606 (10/POC-002703)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego dende marzo de 2017 para impulsar e axilizar o soterramento da liña de alta tensión no barrio pontevedrés de Monte Porreiro, o mantemento de xuntanzas con Unión Fenosa para ese fin e a súa información en relación coa existencia e a tramitación dun anteproxecto para a súa execución no período 2018-2020, así como as xestións previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.2 7465 (10/PNC-000771)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre a interposición pola Xunta de Galicia de alegacións ás solicitudes realizadas por Red Eléctrica de España para a construción de liñas de alta tensión e subestacións, especialmente nos casos que afecten a espazos naturais protexidos ou ás directrices da paisaxe de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

- 2.3 7811 (10/PNC-000818)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da regulación da relación comercial entre as empresas editoras, as empresas distribuidoras e os vendedores de prensa escrita e revistas co fin de evitar o abuso de posicións de dominio e prácticas monopolistas no sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017
- 2.4 8465 (10/PNC-000891)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno en relación coa declaración de "interese turístico galego" da Romaría das Cruces que se vén celebrando con carácter anual no barrio da Ponte, no concello de Ribadeo e, en particular, a súa difusión
Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017
- 2.5 12368 (10/PNC-001203)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa ordenación da seguridade industrial a través do establecemento dun sistema de control que garanta a seguridade dos establecementos das instalacións e dos produtos industriais en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 13/09/2017 13:59:04